



www.iglesiaporeltrabajodecente.org
[#Iglesiaporeltrabajodecente](https://twitter.com/Iglesiaporeltrabajodecente)
info@iglesiaporeltrabajodecente.org

GUIÓN LITÚRXICO EUCARISTÍA

1 º Mayo 2021, festa de San Xosé Obreiro

(Cada comunidade ou grupo elixe os cantos para a Eucaristía segundo as súas posibilidades)

MONICIÓN DE ENTRADA

O 1 de maio a Igrexa celebra a Festa de San Xosé Obreiro, patrón dos traballadores, data que coincide co Día Mundial do Traballo. Esta celebración litúrxica foi instituída en 1955 polo Papa Pío XII, ante un grupo de obreiros reunidos na Praza de San Pedro no Vaticano.

O Santo Pai pediu nesa oportunidade que “o humilde obreiro de Nazaret, ademais de encarnar diante de Deus e da Igrexa a dignidade do obreiro manual,... sexa para todos os obreiros do mundo, especial protector ante Deus, e escudo para a defensa nas penalidades e nos riscos do traballo”.

O Papa Francisco, ao convocar o ano de S. Xosé coa Carta apostólica *Patris corde* (Con corazón de pai), dinos: “É necesario comprender o significado do traballo que dá dignidade”, que “se converte en participación na obra mesma da salvación” e “ocasión de realización” para un mesmo e a súa familia, o “núcleo orixinal da sociedade”. Quen traballa, colabora con Deus porque se converte nun “pouco creador do mundo que nos rodea”. De aí a exhortación do Papa a todos a “redescubrir o valor, a importancia e a necesidade do traballo para dar lugar a unha nova ‘normalidade’ na que ninguén quede excluído”.

Mirando en particular o empeoramento do desemprego debido á pandemia de Covid-19, o Papa chama a todos a “revisar as nosas prioridades” para comprometerse a dicir: “Ningún mozo, ningunha persoa, ningunha familia sen traballo!”, por iso reclamamos: “AGORA MÁIS CA NUNCA TRABALLO DECENTE”.

Pómonos en pé e cantamos.

ACTO PENITENCIAL

- Pola mercantilización do traballo que non garante o benestar e crecemento de todos, SEÑOR TEN PIEDADE.
- Por non recoñecer os dereitos dos máis vulnerables. CRISTO TEN PIEDADE.
- Por permitir o traballo forzoso, as formas contemporáneas da escravitude e a trata de persoas. SEÑOR TEN PIEDADE.



www.iglesiaporeltrabajodecente.org
[#Iglesiaporeltrabajodecente](https://twitter.com/Iglesiaporeltrabajodecente)
info@iglesiaporeltrabajodecente.org

PRIMEIRA LECTURA

Monición:

S. Paulo na súa carta aos Colosenses pídenos: “todo o que de palabra ou de obra realicedes, sexa todo en nome do Señor Xesús”. Traballar no nome de Xesús implica que recoñecemos cada día que El é o noso mestre e o noso xefe. Se somos seguidores de Cristo, a forma na que tratamos aos demais e a dilixencia e fidelidade coa que traballamos reflícteo a El.

O Evanxeo hoxe nárranos que a xente de Nazaret estaba tan segura de que sabían todo sobre Xesús que non estaba preparada para ser sorprendida pola súa novidade. Iso é sempre un risco, mesmo para nós. Podemos atoparnos a nós mesmos resistindo á súa presenza en novas áreas da nosa vida, ou aos seus desafíos nalgunhas das nosas relacións, ou ás nosas actitudes respecto do que está a suceder na Igrexa e no mundo ao meu redor. Pidamos un corazón aberto, para ter vontade de coñecer sempre mellor a Xesús, para así poder amalo máis e seguilo máis de preto.

LECTURA *da carta do apóstolo San Paulo aos Colosenses 3, 14-15. 17. 23-24*

Irmáns: Por riba de todo, cinguídevos co amor, que é o lazo que todo o une e leva a perfección. Que a paz de Cristo actúe de árbitro no voso corazón; a ela fostes convocados, nun só corpo. E sede agradecidos. E, todo o que de palabra ou de obra realicedes, sexa todo no nome do Señor Xesús, dando grazas a Deus Pai por medio del. O que facedes, facédeo con toda a alma, como para servir ao Señor e non aos homes: sabendo que recibiredes do Señor en recompensa a herdanza. Servide a Cristo Señor.

SALMO RESPONSORIAL: *Sal 89, 2. 3-4. 12-13. 14 e 16 (R.: cf. 17)*

R. Fai prósperas, Señor, as obras das nosas mans

Antes que nacesen os montes

ou fose procreado o orbe da terra,

desde sempre e por sempre ti es Deus. / **R.**

Reduces o home a po,

dicindo: «Retornade, fillos de Adán.»



www.iglesiaporeltrabajodecente.org
[#Iglesiaporeltrabajodecente](https://twitter.com/Iglesiaporeltrabajodecente)
info@iglesiaporeltrabajodecente.org

Mil anos na túa presenza son un onte, que pasou;

unha vela nocturna. / **R.**

Ensínanos a calcular os nosos anos,

para que adquiramos un corazón sensato.

Vólvetes, Señor, ¿ata cando?

Ten compaixón dos teus servos. / **R.**

Pola mañá sácianos da túa misericordia,

e toda a nosa vida será alegría e xúbilo.

Que os teus servos vexan a túa acción,

e os seus fillos a túa gloria. / **R.**

ACLAMACIÓN DO EVANXEO

Aleluia.

Bendito o Señor cada día, Deus leva as nosas cargas, é a nosa salvación.

Aleluia.

LECTURA DO EVANXEO *segundo san Mateo (13, 54-58)*

Naquel tempo, foi Xesús á súa cidade e púxose a ensinar na sinagoga. A xente dicía admirada:

— ¿De onde saca este esa sabedoría e eses milagres? ¿Non é o fillo do carpinteiro? ¿Non é a súa nai María, e os seus irmáns Santiago, Xosé, Simón e Xudas? ¿Non viven aquí todas as súas irmás? Entón, ¿de onde lle vén todo iso?



www.iglesiaporeltrabajodecente.org
[#Iglesiaporeltrabajodecente](https://twitter.com/Iglesiaporeltrabajodecente)
info@iglesiaporeltrabajodecente.org

E aquilo resultáballes escandaloso. Xesús díxolles:

— Só na súa terra e na súa casa desprezan a un profeta.

E non fixo alí moitos milagres, porque lles faltaba fe.

ORACIÓN DOS FIEIS

Presentamos a Deus a nosa oración para que se promova un traballo digno e estable que non deixe a ningunha persoa nas marxes.

- Porque a Igrexa, fiel á mensaxe evanxélica, practique a xustiza e respecte os principios do traballo digno en todas as súas institucións. Preguemos ao Señor.
- Porque se recoñezan os dereitos de todos ao traballo decente, con igualdade de remuneración. Preguemos ao Señor.
- Porque fagamos un consumo responsable que non poña en perigo o sostemento da “casa común”. Preguemos ao Señor.
- Pola erradicación do traballo forzoso, polo fin das formas contemporáneas de escravitude e trata de persoas e asegurar a prohibición e eliminación das peores formas de traballo infantil, incluídos o recrutamento e a utilización de nenos soldados, e pór fin ao traballo infantil en todas as súas formas. Preguemos ao Señor.
- Polas vítimas da pandemia en todo o mundo, por quen aínda non teñen vacinas, por quen teñen problemas aínda máis temibles que o coronavirus. Preguemos ao Señor.
- Por quen onte tiñan un traballo decente e hoxe están nas colas da fame. Preguemos ao Señor.
- Polos gobernos do mundo, para que arraigue e profunde a alianza mundial polo traballo decente. Preguemos ao Señor.

Oremos:

Deus todopoderoso, creador do universo, que nos impuxeches a lei do traballo, concédenos que, seguindo o exemplo de San Xosé, e baixo a súa protección, realicemos as obras que nos encomendas. Polo noso Señor Xesucristo, o teu Fillo, que vive e reina contigo na unidade do Espírito Santo e é Deus polos séculos dos séculos. *Amén.*



www.iglesiaporeltrabajodecente.org
[#Iglesiaporeltrabajodecente](https://twitter.com/Iglesiaporeltrabajodecente)
info@iglesiaporeltrabajodecente.org

ACCIÓN DE GRAZAS: *Oración a S. Xosé*

*Salve, custodio do Redentor
e esposo da Virxe María.
A ti Deus confiou ao seu Fillo,
en ti María depositou a súa confianza,
contigo Cristo forxouse como home.*

*Oh, bienaventurado Xosé,
móstrate pai tamén a nós
e guíanos no camiño da vida.
Concédenos graza, misericordia e valentía,
e deféndenos de todo mal. Amén.*